

Occità, basc i gallec: tres escenaris terminològics

A terminoloxía galega despois do Plan Xeral de Normalización da Lingua Galega

MANUEL GONZÁLEZ GONZÁLEZ
TERMIGAL



Arquivo persoal de Manuel González González

O Plan Xeral de Normalización da Lingua Galega (PXNL) e a terminoloxía galega

O 22 de setembro de 2004 o Parlamento de Galicia aprobaba por unanimidade o Plan Xeral de Normalización da Lingua Galega (PXNL), unha iniciativa que foi cualificada de histórica por todas as forzas políticas presentes no Parlamento, non só polo conxunto de medidas que contiña senón tamén pola unanimidade lograda. As medidas deste Plan estruturáronse en sete sectores verticais: Administración; Educación, familia e mocidade; Medios de comunicación etc. Pero, á parte dos sectores verticais, tamén se estableceron tres sectores transversais: a) Dereitos lingüísticos; b) Novas tecnoloxías; c) Implementación do corpus. E é a este último sector ao que quero referirme.

A implementación do corpus, un sector transversal do PXNL

O obxectivo xeral deste último sector era o de «Por ao alcance dos cidadáns e dos sectores profesionais os medios formativos, didácticos, técnicos, lingüísticos e terminolóxicos suficientes que lles aseguren unha completa capacitación lingüística e un emprego doado do galego nas súas actividades persoais e profesionais». No PXNL dicíase que unha das desculpas que poñen a miúdo persoas e entidades, maiormente no mundo da empresa, para non asumiren unha utilización consecuente do idioma galego era a inseguranza coa que se moven nesta lingua. Inseguranza derivada dunha falta de formación lingüística suficiente do persoal, pero

sobre todo da insuficiencia dos recursos lingüísticos e terminolóxicos que lles faciliten o desenvolvemento do seu labor en galego.

Insuficiencia dos recursos terminolóxicos en lingua galega

O PXNL, aínda recoñecendo que a situación mellorara considerablemente nos últimos anos, xa que o galego conta con vocabularios e con materiais elaborados de distintas áreas que fan máis doada a utilización do galego ca en épocas non moi recuadas, denunciaba que estes eran aínda insuficientes, e que cumpría unha elaboración sistemática dos recursos terminolóxicos de cada sector e de cada área, que cubran dunha maneira folgada as necesidades dos usuarios. E xustificaba esta necesidade perentoria nun dereito derivado da situación igualitaria en canto a recursos que deben ter as dúas linguas cooficiais: «a utilización da lingua galega non debe supoñer un esforzo complementario para quen se decide a abrir a súa actividade persoal ou profesional a esta lingua».

Fiabilidade dos recursos terminolóxicos

Pero o PXNL incidía tamén noutro aspecto: a esixencia de fiabilidade nos recursos terminolóxicos. Consta que unha parte importante dos materiais terminolóxicos galegos, sempre feitos con boa vontade, carecen do rigor esixible, o que xera desorientación e confusión, e por iso proclama que «debe existir un material de referencia fiable que disipe as dúbidas continuas coas que o banqueiro, o administrador, o economista, o biólogo ou o responsable dun taller mecánico baten cando se deciden a facer do galego a súa lingua».

Necesidade de supervisión

Para garantir o estándar de calidade desexable recomenda a supervisión por parte dun organismo especializado: «É necesario que a terminoloxía técnico-científica e das linguas de especialidade en xeral sexa supervisada por unha institución fiable que unifique as solucións e que xere confianza entre os usuarios. Dado que esta é unha atribución que a Lei de normalización lingüística lle recoñece á Real Academia Galega, ha ser esta institución a que sancione e lles dea plena validez ás unidades terminolóxicas. Neste sentido, é necesario potenciar o TERMIGAL, o servizo de terminoloxía que leva xa uns anos de funcionamento, mediante un convenio entre a Real Academia Galega e a Xunta de Galicia».

Implantación eficaz

O PXNL esixe tamén un esforzo na difusión e implantación eficaz da terminoloxía, porque esta carece de

sentido se non chega con fluidez aos seus destinatarios. E para iso establece con carácter xeral (independentemente das propostas concretas que se fan neste sentido en cada un dos sectores verticais): a elaboración de vocabularios sistemáticos plurilingües das distintas linguas de especialidade; a elaboración de folletos específicos con vocabularios máis reducidos, destinados a colectivos concretos para cubriren as súas necesidades cotiás; a incorporación da terminoloxía ás ferramentas e aos programas informáticos que se utilizan de maneira máis habitual nos distintos sectores (medida que considera absolutamente imprescindible); elaboración de modelos de documentación de circulación frecuente en lingua galega.

Servizo de información terminolóxica

Dada a velocidade das innovacións, do avance do coñecemento e do intercambio de información, cun dinamismo nunca vivido en épocas anteriores, os usuarios de linguas de especialidade atoparanse frecuentemente con dúbidas terminolóxicas que é necesario resolver no menor tempo posible. Por iso o PXNL recolle a necesidade de dotar de máis medios o servizo de consultas de TERMIGAL, ao que calquera persoa pode acudir, e de feito acode, cando atopa algunha dificultade terminolóxica no exercicio do seu labor en galego.

Os principais centros de traballo terminolóxico en Galicia

O TERMIGAL

No servizo oficial de terminoloxía galega séguense mantendo as tres seccións que veñen funcionando desde os primeiros anos da súa creación: a de terminoloxía sistemática, a de terminoloxía puntual e a de documentación. Termigal desenvolve actualmente a súa actividade no Centro Ramón Piñeiro para a investigación en humanidades (rúa San Roque, 2. Santiago) e no Seminario de Terminoloxía da RAG (Cidade da Cultura. Santiago). Deixando á parte os vocabularios realizados en colaboración con outros organismos e institucións e un alto número de revisións de traballos alleos, das súas oficinas saíron neste período obras como o *Dicionario galego da televisión* (2005), *Dicionario galego de recursos humanos* (2010), *Dicionario de bioloxía galego-castelán-inglés* (2010) ou o *Dicionario de alimentación e restauración (galego-castelán-inglés)* (2012) (premio Gourmand de profesionais en 2013).

Dentro de Termigal leva a cabo o seu labor a Comisión de validación terminolóxica, que se reúne mensualmente para a validación de grupos de termos especializados, que son comunicados ao Plenario da RAG para a súa oficialización.



A pesar do mandado do PXNL Termigal, que viu notablemente incrementada a súa carga de traballo, sobre todo na colaboración en proxectos externos e na revisión de traballos realizados por outros organismos, non só non viu aumentados os seus recursos, senón que estes se viron notablemente diminuídos como consecuencia da crise económica.

O Servizo de Normalización Lingüística (SNL) da Universidade de Santiago de Compostela (USC)

Particularmente loable é o esforzo realizado por este Servizo, que traballa na elaboración de léxicos e vocabularios, na resolución de dúbidas e consultas puntuais, e na compilación e difusión dos produtos xa elaborados.

Neste servizo realizáronse neste período traballos de terminoloxía sistemática centrados especialmente no ámbito das ciencias da vida (*Vocabulario de medicina* e *Vocabulario da morfoloxía, anatomía e citoloxía veterinaria*), da computación (*Termos esenciais de arquitectura de computadores*) e do dereito, cunha colección de termos esenciais de dereito mercantil, administrativo, civil, internacional, penal e constitucional

Ao meu ver, a iniciativa máis importante foi a posta en marcha do *Buscatermos*, un recurso semellante ao *Cercaterm* do TERMCAT, consistente nunha base de datos de acceso libre a través de Internet, que permite consultar un corpus terminolóxico multilingüe -aínda que centrado no léxico galego- de máis de 160.000 rexistros. Nesta base de datos están incorporados non só os vocabularios e léxicos elaborados polo SNL da USC, senón tamén un amplo número de dicionarios e vocabularios terminolóxicos de distintas procedencias. O *Buscatermos* presenta como un valor engadido unha marca de fiabilidade de cada termo, en función das características da fonte en que se recolleu.

Outra iniciativa interesante deste Servizo da USC é *Un idioma preciso*, colección de pequenos estudos nos que se analizan conceptos dunha área de especialidade para os que non está asentada aínda unha forma estable ou para os que está difundida unha denominación pouco axeitada. Nestes estudos propóñense as denominacións que se consideran máis adecuadas para o galego, que son sometidas a debate a través dun foro.

A Universidade de Vigo

Á parte dos vocabularios presentados principalmente como proxectos fin de carreira ou como traballos fin de grao na Facultade de Tradución, hai que salientar as súas achegas na elaboración e explotación de diversos corpus con finalidade terminolóxica. E neste sentido cómpre referirse á *Termoteca* (<http://sli.uvigo.es/termoteca>) constituída por unha base de coñecementos terminolóxicos que se alicerza nun corpus textual de rexistros especializados do galego de máis de 30 millóns de palabras, formado polo *Corpus Técnico do Galego* (<http://sli.uvigo.es/CTG>) e o *Corpus Lingüístico da Universidade de Vigo* (<http://sli.uvigo.es/CLUVI>).

A Universidade da Coruña

No Servizo de Normalización Lingüística da Universidade da Coruña promoveuse a realización dunha colección de pequenos vocabularios sen definicións dos conceptos, case todos eles bilingües galego-castelán, aínda que hai algún que incorpora equivalentes nalgunha outra lingua, cun enfoque eminentemente práctico, e que abranguen un amplo abano de especialidades: arquitectura; biblioteconomía e documentación; bioloxía; camiños, canais e portos; ciencias da educación; comunicación audiovisual; construción;

ción naval; deportes; dereito; economía; electrónica e electricidade; enfermaría, podoloxía, fisioterapia; enxeñaría e deseño industrial; estatística; física e química; fisioterapia; informática; lingüística informática; matemática; navegación e transporte marítimo; podoloxía; relacións laborais.

O desenvolvemento de grandes proxectos colaborativos

Unha característica da terminoloxía galega destes últimos anos é a posta en marcha por primeira vez na historia de grandes proxectos colaborativos nos que participa un número amplo de persoas. Son bo exemplo deste traballo colaborativo o DIGATIC e o DIXURI.

O DIGATIC, dicionario galego das TIC, foi impulsado pola Asociación de Enxeñeiros de Telecomunicacións de Galicia, o Colexio de Enxeñeiros de Telecomunicacións de Galicia, a Escola Técnica Superior de Enxeñeiros de Telecomunicacións da Universidade de Vigo e a Real Academia Galega, a través de Termigal, e nel participaron trinta especialistas (tecnólogos das TIC, deseñadores de aplicacións, docentes, lexicógrafos, etc), que dende novembro de 2008 veñen tratando de dotar a lingua galega da terminoloxía necesaria no campo das TIC.

O *Dicionario Xurídico Galego (DIXURI)* recolle os conceptos esenciais do Dereito, información crítica sobre a lexislación vixente en España e, de xeito especial, termos e institucións propias do Dereito Civil de Galicia. A obra foi redactada por 120 autoras e autores, organizados nas áreas de Dereito Administrativo, Dereito Civil común e de Galicia, Dereito do Traballo e da Seguridade Social, Financeiro e Tributario, Internacional, Mercantil, Notarial e Rexistral, Penal, Procesual e Teoría do Dereito e Dereito Constitucional. Esta obra supuxo un paso decisivo para a estandarización da terminoloxía do dereito en galego.

A participación en proxectos terminográficos internacionais

Nos últimos anos a lingua galega está presente nun alto número de proxectos terminográficos internacionais, entre os que merecen unha mención especial os promovidos pola Rede Realiter, como: *Vocabulario panlatino de desenvolvemento sustentable*; *Terminoloxía de xestión da calidade*; *Vocabulario panlatino da bicicleta*; *Léxico panlatino do cambio climático*; *Vocabulario panlatino da difusión e da distribución do libro*; *Vocabulario panlatino da gripe aviaria*; *Léxico panlatino de biotecnoloxía*; *Léxico panlatino de bioética*; *Léxico panlatino de carretillas de almacenamento industrial*; *Léxico panlatino da xeomática* etc.

A terminoloxía galega e os colectivos de localización de software libre

Hai que renderlles un aberto recoñecemento aos colectivos de base que están realizando un traballo importantísimo na localización de software libre ao galego e facendo importantes achegas prácticas no ámbito terminolóxico. Dentro destes merece unha especial atención o colectivo Trasno, constituído actualmente en asociación, que ten entre as súas finalidades a de recompilar, elaborar e asentar un estándar coherente de terminoloxía en lingua galega no campo das novas tecnoloxías, e que leva xa ofrecido abondosos froitos á terminoloxía galega das TIC.

Final

Podemos dicir que unha das características da terminoloxía en lingua galega é o seu policentrismo. Aínda que exista un Servizo oficial de terminoloxía científico-técnica (Termigal) con participación da RAG e a Xunta de Galicia, no que desenvolve a súa actividade a Comisión de validación terminolóxica, existen outros centros cunha actividade terminográfica loable. Isto, que algúns ven como un inconveniente, é ao meu xuízo unha fortaleza, sempre que exista a debida coordinación e o sometemento dos termos ao xuízo da Comisión de validación que depende da Real Academia Galega para garantir a fiabilidade e coherencia esixible á proposta terminolóxica.

As linguas de especialidade contan cunha terminoloxía en lingua galega cada vez máis exhaustiva e máis precisa, aínda que existan áreas fortemente deficitarias. Esperamos que esta lagoa se vexa en boa medida cuberta cun proxecto que está dando os seus primeiros pasos, promovido por Termigal e pola Academia Galega das Ciencias, que levará como título xenérico global *Dicionario galego das ciencias*, no que se irá establecendo progresivamente a terminoloxía de cada área científica.

Desde o punto de vista institucional, estamos moi lonxe de que se cumpran os mandados do Plan Xeral de Normalización da Lingua Galega, e de alcanzar o obxectivo de que a utilización da lingua galega non supoña no plano terminolóxico un esforzo suplementario para quen exerce este dereito. E é necesario un esforzo por parte do goberno galego sobre todo en dous puntos:

- Dotar TERMIGAL dos recursos humanos e materiais necesarios para poder cubrir dunha maneira eficiente as funcións que ten encomendadas e para que a Comisión de validación poida dinamizar o seu traballo.
- Reforzar os medios para unha difusión e implantación eficaz da terminoloxía normalizada, porque de nada serve a terminoloxía xerada se non chega con fluidez aos seus potenciais usuarios. ✿